Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón (A Coruña)
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

ANUNCIO DE CONVOCATORIA DE AXUDAS DESTINADAS Á COLABORACIÓN NO FINANCIAMENTO DE INTERVENCIÓNS ARQUEOLÓXICAS

Orde do 14 de marzo de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas destinadas á colaboración no financiamento de intervencións arqueolóxicas e se procede á súa convocatoria para o ano 2017. (Publicación no DOG núm 62 do mércores 29 de marzo de 2017).

Beneficiarios: Empresarios e persoas físicas e xurídicas sen ánimo de lucro que promovesen as intervencións arqueolóxicas comprendidas no ámbito desta orde, desenvolvidas en bens inmobles de titularidade privada, que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que as actuacións arqueolóxicas estean autorizadas e fosen realizadas desde o ano 2014 en diante e estean finalizadas na data de publicación desta orde.
b) Que as actuacións se desenvolvesen conforme os proxectos arqueolóxicos presentados e se cumprisen as obrigas de responsabilidade da dirección de acordo co establecido no Decreto 199/1997, que regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.
c) Que se acrediten a presentación e a entrega dos correspondentes informes valorativos ou das memorias técnicas e da acta de depósito dos materiais de acordo co citado Decreto 199/1997.

Obxecto: A concesión de axudas, polo procedemento abreviado de concorrencia non competitiva, aos promotores particulares de calquera tipo de obras que afecten un conxunto histórico, zona arqueolóxica ou xacementos catalogados ou inventariados, nos casos en que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ou a figura de planeamento vixente determine a necesidade de realizar intervencións arqueolóxicas, en concepto de colaboración no financiamento do custo da execución do proxecto arqueolóxico realizado de acordo cos requisitos establecidos nos artigos 96 e 97 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Contía: As axudas consistirán nunha subvención que se percibirá por unha soa vez por beneficiario e obra, polas seguintes contías:

– Ata o 50 % dos custos da execución do proxecto arqueolóxico autorizado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, e co límite de 20.000,00 € por proxecto, no caso de que se acrediten a presentación e a entrega das correspondentes memorias técnicas e da acta de depósito dos materiais. Esta porcentaxe será do 30 %, co límite de 12.000,00 €, no caso de que a actuación realizada xa fose subvencionada en anteriores convocatorias, co 20 % dos custos por ter entregado o informe valorativo a que se refire o parágrafo seguinte.
– Ata o 20 % dos custos da execución do proxecto arqueolóxico autorizado, e co límite de 8.000,00 €, no caso da presentación e a entrega tan só dos correspondentes informes valorativos.

Prazo de presentación de solicitudes: O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación no DOG do extracto da presente convocatoria

Máis información: Na oficina de rehabilitación do Concello de Padrón, poderán informarlle sobre estas axudas e axudarlle coa tramitación.

Padrón, 29 de marzo de 2017

A concelleira de casco histórico,

EXCMO. CONCELLO DE PADRÓN (A Coruña)

Asdo. Lorena Couso Dopazo.